

4/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 9 MARZO DE 2020.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas e tres minutos do d3a nove de marzo do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Genaro Prieto Iglesias. Asiste tam3n a interventora municipal Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretario o que o 3 da Corporaci3n, D. Rafael Berm3dez Iglesias.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudio e discusi3n dos asuntos incl3idos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- ELECCI3NS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2020. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao primeiro punto, que son sorteo das Elecci3ns ao Parlamento de Galicia 2020, sorteo das mesas electorais.

A fin de dar cumprimento 3 indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e cumpridas todas as formalidades legais establecidas, polo Concello Pleno proc3dese 3 formaci3n das Mesas Electorais, as3 como 3 lista suplementaria de suplentes, en n3mero de nove suplentes por cargo, que 3 o n3mero m3ximo que posibilita o programa inform3tico do sorteo facilitado polo INE, que quedan integradas polas persoas e para os cargos que se relacionan no respectivo expediente.

2.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACI3N 3S OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN 3NICO DOS CONCELLOS) "POS+ 2020": RATIFICACI3N, SE PROCEDE, DA RESOLUCI3N DA ALCALD3A N3M. 1.436/2019, DE APROBACI3N DO PLAN E SUBSANACI3N DE DEFICIENCIAS.

Visto que pola resoluci3n desta Alcald3a n3m. 1436/2019, do 19.12.2019, prestouse aprobaci3n ao POS+ 2020 debido a que o prazo de solicitude remataba 3s 14:00 horas do citado d3a 19.12.2019; Resoluci3n n3m. 1436/2019, que debe ser ratificada polo Pleno, e no seu caso, para a aprobaci3n do POS+ 2020.

Tendo en conta a proposta formulada pola Alcald3a en data 28.02.2020, obrante no expediente, na que se prop3n a ratificaci3n da citada resoluci3n da alcald3a, coas subsanaci3ns efectuadas a requerimento da Deputaci3n Provincial de data 27.02.2020.

E tras deliberación, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medioambiente realizada en data 04.03.2020, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), acorda prestar aprobación á proposta formulada pola Alcaldía en data 28.02.2020, anteriormente citada e, en consecuencia, ratificar a resolución da alcaldía núm. 1436/2019, de data 19.12.2019, coas subsanacións efectuadas ao abeiro do requerimento efectuado pola Deputación Provincial en data 27.02.2020, quedando a redacción definitiva do acordo tal e como figura de seguido:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|-------------|-------------|-------------|
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 31.245,19 € | - | 31.245,19 € |
| Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 3.533,97 € | 33.281,82 € | 36.815,79 € |
| Subtotal pago a provedores | | | 68.060,98 € |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|--|-------------|
| Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 22.753,40 € |
| Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final) | |
| Subtotal gasto corrente | 22.753,40 € |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2020 | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|----------|-----------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
| HABILITACIÓN DE ESPAZO PARA APARCAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DO COLEXIO CPR LOYOLA | 69.538,31 € | - | 69.538,31 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2020 | 69.538,31 € | - | 69.538,31 € |

| ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|----------|-----------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2019 | | | |

| PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 | Financiamento do investimento | | |
|--|--------------------------------------|------------------------|------------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Préstamo Deputación | Achega Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos préstamo provincial 2020 | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | Número/código do préstamo | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda |
|--|----------------------------------|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | | |

E) Resumo:

| SUBTOTALS | | Deputación | Concello | Total |
|-----------------------------|--------------------------------------|-------------------|-----------------|--------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2019 | 31.245,19 € | | 31.245,19 € |
| | Achega 2020 | 36.815,79 € | | 36.815,79 € |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2020 | 22.753,40 € | | 22.753,40 € |
| | Achega 2019 (Excep. Base 2.2) | | | |
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2020 | 69.538,31 € | - | 69.538,31 € |
| | Achega 2019 | | | |
| | Préstamo 2020 | | | |
| D- REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2020 | | | |
| | Achega 2020 | 129.107,50 € | | 129.107,50 € |

| | | | | |
|--------------|----------------------|--------------|--|--------------|
| TOTAL | Achega 2019 | 31.245,19 € | | 31.245,19 € |
| | Préstamo 2020 | | | |
| | TOTAL | 160.352,69 € | | 160.352,69 € |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento |
|---|---------------------|
| MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: RÚA CORUTO, LODAIRO, IGREXA DE FRANZA E RÚA GALIÑEIRO | 119.320,80 € |
| PISTA MULTIDEPORTE Y PARQUE INFANTIL EN O BAÑO | 100.880,91€ |
| TOTAIS | 220.201,71 € |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto e/ou solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois unha vez realizado o sorteo pasamos ao punto segundo, que é o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único dos Concellos, POS 2020, ratificación, se procede, da Resolución da Alcaldía núm. 1436/2019 de aprobación do Plan e subsanación de deficiencias. Bueno, en todo caso ten a palabra o concelleiro de obras e servizos.

Sr. Kuntz Peiteado (que traducido di): Bos días a todas e a todos. Bueno, este é un POS no que se contou con aportacións de tódolos grupos políticos. Entre as propostas inclúese o parking do Loyola, un expediente que non se tocou xa que viña precedido do goberno anterior; un asfaltado de camiños, tales como son Coruto, Lodairo, Igrexa de Franza e Rúa Galiñeiro; e logo un parque infantil en O Baño. Pola miña parte nada máis que dicir, simplemente que se trata dun investimento bastante grande, e tamén recalcar que deste POS dedicáronse case 100.000 euros a gasto corrente e pago a provedores.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois comezamos un turno de intervencións, ¿palabras?. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, hola, boa día a todos e a todas. Bueno, nós dicir que ao igual que fixemos na comisión extraordinaria informativa de obras, nós hoxe aquí ímonos a abster, porque aínda que entendemos que tódalas obras son necesarias para o noso Concello, tamén entendemos... pois... dicía, que aínda que entendemos que tódalas obras son necesarias para o noso Concello, tamén entendíamos que había unhas memorias que... doutras obras, doutros proxectos, que entendemos que eran máis urxentes e moito máis beneficiosos, a día de hoxe, para o Concello. E bueno, tamén fundamentalmente porque aínda que o concelleiro de obras acaba de dicir que este POS ven con aportación de tódolos grupos, o certo é que supoño que o goberno xa o tería consensuado e negociado co Partido Socialista, que foi quen votou a favor na comisión, pero o certo é que co BNG non se falou para nada para levar adiante este POS. Se fixeron unha serie de comisións cando gobernaba Esquerda Unida, onde non se chegou a ningún acordo, fundamentalmente porque tamén o Partido Popular naquel momento non quería votar o POS. E como digo, o certo é que con nós non... non se falou. Entón, por isto digo, ímonos a abster, e porque entendo que o que antes criticaba o Partido Popular do goberno de Esquerda Unida, agora é o mesmo que está a facer; quita o POS por Resolución da Alcaldía e agora traino a aprobación do Pleno sin falar para nada, polo menos co BNG.

Sr. Alcalde (que traducido di): E... Pilar. Ti votaches a favor na comisión...

Sra. Díaz Otero: Bueno, bos días a todas e a todos. Na comisión nós reservamos o voto para o Pleno. Hoxe imos anunciar que imos votar a favor. Imos votar a favor fundamentalmente pola coincidencia co principal, onde se incorpora non só o que vai a ser o aparcadoiro próximo ao Colexio CPR Loyola, senón tamén porque vai a haber unha parte da solución á seguridade vial, incluíndo a calle da Xesteira. Dito isto, é verdade que nós temos algunha diferenza con respecto ao complementario, en todo caso o proxecto que se trae parte, a excepción da Rúa Galiñeiro, dunhas memorias elaboradas xa en novembro do ano 2019, que xa foran presentadas á comisión, polo tanto obras de aglomerado coas que nós estamos de acordo, aínda que entendíamos que a memoria nos proxectos se podía mellorar e... practicamente están calcadas,

non é así, pero en todo caso corresponde cos camiños que xa naquel momento se fixera a memoria, en novembro de 2019, e como digo, a excepción do Galiñeiro; e despois hai unhas diferenzas importantes en canto á pista multideporte e o parque infantil en O Baño, daquela memoria que se trouxera en novembro. Nós seríamos máis partidarios daquela memoria, porque significaba algo diferente ao que tiñamos no termino municipal. Cremos que esta memoria nalgún elemento vai a ter un custo moi importante de mantemento e que probablemente o lugar non sexa o máis adecuado, a localización concreta. En todo caso, como son máis as coincidencias co traballo que xa se tiña realizado, nós vamos a votar a favor hoxe.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, pois nós tamén imos votar a favor deste POS. Entendemos que é... nos houbese gustado poder ter participado doutro xeito, que se tivesen feito as cousas doutro xeito, pero entendemos que a situación que houbo nestes últimos meses no Concello pois tampouco permitía moita máis marxe ¿non?. As propostas nós entendemos que si que participamos, efectivamente eran propostas que xa viñan algunhas de atrás, como a de... a pista multideporte e o parque de Mahía, que ademais é unha petición de tódolos veciños e algo que nós incluíamos no noso programa electoral, igual que o facía o Partido Popular e tamén o BNG. E entón pois ese é o motivo polo que imos a aprobalo, e tamén cremos que é importante o tema do pagamento a provedores porque inclúen facturas de servizos e... de principios do ano 19, que tamén pois é convinte que se realice o pagamento pois tamén o antes posible. De tódolos xeitos iso, deixamos hai pois que nos gustaría que o vindeiro POS comezásemos a traballar máis cedo nel e que puidésemos discutilo máis nas comisións, como así comentou tamén o Bloque, o BNG.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... non sei si queredes outro turno, ¿un segundo turno pídese?. Bueno, pois comezamos o segundo turno, ¿palabras?. Miguel... ¿Non?. ¿Pediches?. ¿Pediches turno?. ¿Ti?. ¿Pediches?. Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, pois neste segundo turno e unha vez aclarada a cuestión do voto, como se falou nalgún momento nos gustaría recordar que isto é unha subsanación de deficiencias requerida pola Deputación Provincial, porque así se mandou por Resolución na primeira vez, o 18 de decembro, cun complementario diferente ao que ven hoxe, e que dende decembro ata o día da comisión da semana pasada, polo menos co Grupo Municipal de Esquerda Unida, igual que decía o BNG, non se tivo ningún contacto para poder elaborar este POS. O goberno está no seu dereito, é lexítimo, como non podía ser doutra forma, pero bueno, si nos gustaría recalcar que é unha subsanación de erros a petición da Deputación e que ademais, aínda que non marca prazo di que se resolvan á maior brevedade posible. E tamén me gustaría destacar que o Concello de Mugar dos segue sen acollerse ao préstamo que pon a disposición a Deputación en tódolos POS dende fai bastantes anos.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Bos días, Alcalde, señores concelleiros, veciños. Bueno, comezando un pouco polo... por onde ven e de onde ven este POS ¿non?, este POS comezouse a negociar

en novembro, con outro goberno diferente, e no cal se traían pois unha serie de propostas e... principalmente despois, polos motivos que todos coñecemos deste Concello, a resolución do POS e a súa aprobación frenouse. O que se fixo dende o goberno foi facer o mesmo que se fixo polo goberno anterior, para gañar un pouco de tempo, que foi cargar toda a documentación que se tiña ata aquel entón, pero non é certo o que di o BNG de que este POS se aprobara na Alcaldía, os POS non se poden aprobar pola Alcaldía, os POS hai que aprobalos no Pleno. Entón con ese... con ese xesto este goberno o que conseguiu foi tempo para poder finalizar as memorias e finalizar pois... facer un POS para o ano 2020. ¿Que non é a tramitación adecuada?, ¿Que igual había que dialogar máis?, é certo, e nós dende o goberno estamos totalmente de acordo con vós, pero tamén hai que entender que a situación que se viviu a finais do ano pasado non é a situación habitual dun concello. Polo tanto si que hai o compromiso por parte do goberno de que o POS do 2021 se comece a dialogar e a traballar nas comisións pertinentes, co gallo de... de elaborar as memorias no momento oportuno, e non ter que recurrir a estas... a estas formas de tramitación, que non son nin mellores nin peores, son formas que... nós dende o goberno... dende o goberno tivemos que levar a cabo pois para gañar tempo e completar a documentación. Referente a que este non é un POS dialogado, eu difiro bastante nesa explicación, e vou a argumentar o porque. Cando se comezou a negociar este POS, o Partido Popular, cando estaba na oposición, presentou unha serie de propostas, como foi cubrir a pista de Franza, a do colexio, presentou unha serie de melloras en camiños, o BNG tamén presentou como proposta recuperar o parque de... da urbanización de Mahía e o cubrimento da pista de Catro Camiños. E Esquerda Unida presentou o POS, porque era o goberno. O PSOE presentou unha serie de camiños tamén, a parte da recuperación do parque de Mahía, entón este goberno cando se mudou a... cando se mudou a... o goberno, o que fixo foi a partir das aportacións realizadas por aquel entón, e en base aos criterios de tódolos grupos, que son de sobre coñecidos por todos, pois estableceu un POS que puidera ser de todos; aparecen propostas de tódolos grupos, aparecen propostas que son para mellorar Mugardos, e xa digo, ¿Que é certo que se podía haber consensuado doutra forma?. É certo, pero os prazos son os que son. Entón si que existe un compromiso por parte do goberno de que o POS do 2021 se vai a tratar doutra forma, que é como xa se fixo no ano 2015, cando gobernaba o Partido Popular, que era dialogando nas comisións e facendo as memorias por parte de todos, e aprobándoo por consenso, que non deixa de ser a forma de facer política. Referente ao que se dicía tamén da... das memorias de camiños, a inclusión do Galiñeiro dentro deses camiños básicamente trátase por obras urxentes de recollida de augas pluviais; hai problemas de inundacións coa choiva e foi un dos motivos principais de colocar esta obra dentro dos camiños. E sobre o tema de deficiencias... perdón, das deficiencias, había un requerimento de Deputación que segundo me informa... me informa a intervención municipal, xa foi subsanado e que figura dentro do expediente que vai agora a Pleno. Pola miña parte nada máis e grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... rematado o segundo turno pasamos á votación. Votos a favor, abstencións.

3.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 5/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao punto terceiro, recoñecemento extrajudicial de créditos 5/2020. Ten a palabra o concelleiro da área.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno. Este recoñecemento extraxudicial de crédito ascende a un montante de 248.350,42 euros. Trátase xa de practicamente o último o... o penúltimo REC, vamos a dicilo así e... con isto si que se pagaría xa todo o que quedaría pendente, pero bueno, como sabedes, e como comentei tamén nas comisións, podería haber algunha factura que aparecera do ano 2019 e que se teña que aprobar mediante un REC. Tamén quedan pendentes as facturas de Emafesa, que apareceron rexistradas a finais do ano 2019 e que non teñen partida, pero bueno, o montante total do pago a provedores con este REC, en principio, quedaría xa liquidado. Tiven un compromiso na presentación de... bueno, cando se aprobou en comisión, que era e... por parte do Partido Socialista se pediu que se explicara que ía a facer o goberno para acabar cunha serie de deficiencias no... no sistema de contratación municipal, xa que atopábanos con máis dunha treintena de contratos e servizos que non tiñan un contrato en vigor. Dende o goberno, dende que entramos estivemos analizando a situación, o intentamos facer de tódalas formas posibles e sen descartar ningún tipo de acción, pero o certo é que temos os medios materiais que temos, temos unha persoa para a redacción de pregos, temos un problema cos pregos técnicos, especialmente a nivel tecnolóxico, como poden ser temas de internet, contratación de equipos, etc; entón o que podo adiantar, e despois de falalo no... o goberno, e que cremos que é a única solución que nos queda, pois é a de consultado con algunha empresa que se coordine co servizo municipal de contratación, e intentar facer o maior número de pregos posible no menor tempo posible, para poder subsanar tódalas deficiencias que saen de... que se pon de relieve no informe da intervención municipal. Ese vai a ser o labor que vai a desenrolar o goberno para non ter esta serie de REC's, que como ben di son recoñecementos extraxudiciais e é un mecanismo extraordinario do que non se pode abusar, nós xa levamos cinco, esperemos que non haxa un sexto, pero por si acaso que quede aí sobre a mesa que pode habelo si aparecen máis facturas de atrás, xa digo que a de Emafesa vai ter que ir nun deles seguramente, e con isto xa alcanzaríamos tamén o millón de euros de pagos nestes tres meses, que se fan mañán, deste goberno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois abrimos un primeiro turno de intervención, ¿palabras?. Non hai palabras. Bueno, pois en todo caso pasamos a votar entón. Votos a favor, abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 5/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 28.02.2020 e o informe emitido pola intervención municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta, así mesmo, o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 04.03.2020, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/9 que comenzan co número de rexistro contable 2019/2352 a nome de SERMUGA XXI, S.L., por importe de 76,00 euros e remata

co número de rexistro contable de factura 2020/368 a nome de FELIPE FERNANDEZ FONTENLA por importe de 98,85 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 5/2020 por importe bruto total de 248.350,42 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/9 e, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente, e incluídas na relación contable de facturas F/2020/9, e que comenza co número de rexistro contable 2019/2352 a nome de SERMUGA XXI, S.L. por importe de 76,00 euros, e remata co número de rexistro contable de facturas 2020/368 a nome de FELIPE FERNANDEZ FONTENLA, por importe de 98,85 euros, sendo o importe bruto total de 248.350,42 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

4.- SUBSANACIÓN DO ÚLTIMO PARÁGRAFO DO ACORDO TERCEIRO DO PUNTO Nº. 4 DO ACORDO PLENARIO DO 27.12.2019, SOBRE “ADICACIÓNS, DIETAS, ASISTENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS”

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto. O punto cuarto é subsanación do último parágrafo do acordo terceiro do punto número 4 do acordo plenario do 27.12.2019, sobre “Adicacións, dietas, asistencia de membros da corporación e asignación aos grupos políticos”. Bueno, este asunto e... simplemente ven a recoñecer que houbo un erro na redacción do acordo anterior, que se recolleu... estaban recollidas as adicacións só exclusivas e non había adicacións parciais e polo tanto se deixou fóra a posibilidade de facer o incremento acorde aos presupostos... aos Presupostos Xerais do Estado, conforme á subida que se fai... bueno, tódolos anos, en función desas asignacións. E polo tanto esa adicación parcial que agora ten o goberno pois loxicamente non viña a recoller esa... esa... aumento do 2% aproximadamente, do incremento anual. Por iso é unha deficiencia que debía de haber... tido no primeiro acordo, pero que é verdade que non se puxo, entón se ven a corrixir esa cuestión. ¿Palabras sobre isto?. Nada, bueno, pois entón pasamos a votar. Votos a favor, abstencións, en contra.

Advertido que no acordo plenario do día 27.12.2019 sobre o asunto de “ADICACIÓNS, DIETAS, ASISTENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS”, no último parágrafo do punto terceiro recolleuse só o incremento retributivo para as adicacións exclusivas, sen facer referencia as parciais cando á ditas adicacións tamén lle ten que ser aplicado o incremento retributivo recollido no Real Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, incremento retributivo que terá efectos do 1 de xaneiro de 2020, cuido incremento do 2% recóllese no artigo 18 sobre Réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais.

E de seguido, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 04.02.2020, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 04.03.2020, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE), 1 voto en contra (1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN), acorda subsanar o erro padecido no parágrafo mencionado quedando, en consecuencia, redactado tal e como figura de seguido:

“As contías asignadas como retribucións por adicacións exclusivas e parciais experimentarán o incremento que as Lei de Orzamentos Xerais do Estado establezan para o sistema retributivo do persoal ao servizo da Administración.”

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois non habendo máis asuntos na orde do día levántase a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as nove horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,